

*Unha experiencia navideña para toda a familia*

# *O bosque de Nadal*

*Viveiros O Piñeiro*

**23 E 30 DE NOVEMBRO  
E 14 DE DECEMBRO DE 2019  
DENDE AS 17:00 H  
ENTRADA GRATUÍTA**

  
**O Piñeiro**  
Garden & Home

Ctra. de Vilagarcía, Km. 6  
-A DEVESA - 36157 - Pontevedra  
<http://www.opineiro.es/>



*Unha experiencia de Nadal para toda a familia*

# O bosque de nadal



## Chega o Nadal!!!

Achéganse as festas máis doces e especiais do ano!!!

Con tal motivo, e despois de dous anos creando unha das experiencias máis senlleiras en canto a programación infantil de temática navideña se refire: "O Bosque de Nadal", dende o Centro Comercial "Viveiros O Piñeiro" de Pontevedra estamos preparando novamente unha grande festa para celebrar as nosas datas favoritas cunha decoración e programación de contidos de primeirísimo nivel.

Estamos encantados/as de que veñades visitarnos á nosa casa!

Un ano máis estamos fascinados/as de que durante estas datas que preceden as festas, personaxes como Papá Noël, os seus elfos, o Apalpador ou os "Apalpadoriños" fagan do Piñeiro a súa propia casa.

Coma sempre, e un ano máis, estamos dispostos en non escatimar en decoración, co noso **trono de Papá Noël**, o noso **Belén a tamaño real**, os nosos **soldadiños de chumbo xigantes** do conto "O Crebanoces", o noso **trineo de Papá Noël** cos seus renos a tamaño real e capitaneados polo mismísimo "Reno Rodolfo", o noso pequeno **poboado navideño** de automatismos en miniatura.



Desfruta co lineal máis completo de plantas, frores, **adornos**, **figuritas**, **iluminación** ou **complementos navideños** para que decore a túa casa connosco!!!

Visítanos calquera dos sábados que preceden ás Festas do Nadal!!!

Vivirás unha auténtica experiencia navideña con **concertos**, **contacontos**, actividades para realizar en familia, **visitas de Papá Noël**, un **Apalpador Xigante**, **espectáculos infantís** e mesmo **zona gastronómica!!!!**

Cóntallo aos teus amigos/as do cole, vén con toda a familia, e disfruta da proposta que estamos a preparar e que aborda directamente os teus 5 sentidos para vivires unha experiencia navideña das mellores das que podes disfrutar en Galicia.

**Chega O Bosque de Nadal!!!!**



*Viveiros O Piñeiro*



*Unha experiencia de Nadal para toda a familia*

# O bosque de nadal



## Os decorados máis evocadores!

En Viveiros O Piñeiros somos especialistas en decoración para o Nadal, e gústanos presentar o produto de tal maneira que poidas imaxinar como quedaría na túa propia casa ou comercio, proporcionándote ideas e novas propostas para que sexas o/a protagonista nestas datas.

A visita ás nosas instalacións nestas datas é un espectáculo en sí mesmo, con centos e miles de adornos, ideas, figuritas, arranxos florais e vexetais, planta, árbores, etc...

Paséate polas nosas instalacións e vivirás unha experiencia trasladándote a outras latitudes, a un mundo máxico e sorprendente, grazas ó noso **traballo internacional** adquirindo a mellor das mercancías para que poidas levala directamente á túa casa.

Todo isto simplemente na zona comercial, porque na zona de actividades temos preparada unha decoración moi singular. Un **Belén** de cerámica a tamaño real na súa propia palloza, o trono de Papá Noël, casetas de Laponia, o trineo de Santa Claus cos seus renos a tamaño real, un escenario para os artistas decorado con esmero, zona de xogos e unha iluminación para que te sintas coma se estiveses no mismísimo Polo Norte.

Divírtete contando todos os papá noes que habitan as nosas estanterías e instalacións!

Nen nós sabemos cantos son!!!!





*Unha experiencia de Nadal para toda a familia*

# O bosque de nadal



## Novos protagonistas!

Este ano temos un convidado moi especial, o **Xigantón do Apalpador** que o noso amigo **Nelson Quinteiro** encargou a medida á Compañía de Títeres Errantes de Burgos.

Un boneco de **3 metros de altura** cun carácter moi **agarimoso** que virá acompañado, cada día coa posta en escena da proposta "**Os Apalpadoriños/as**", que por medio de música, baile, xogos de animación e moita troula porán a todas e todos a bailar!!!

O **Apalpador** foise tecendo un óco no imaxinario colectivo, sobre todo no dos máis pequenos/as, grazas a ilustracións, contos, cancións, vídeos ou unidades didácticas que completan a súa implantación como unha personaxe típica destas datas. Cunha mensaxe de fondo que afonda en valores como a **ecoloxía**, a celebración dunhas **festas sostibles** ou a posta en valor do noso **patrimonio, lingua, cultura, música e tradicións**, o Apalpador convírtese nunha figura complementaria e necesaria á hora de pensar nunhas celebracións do Nadal dende un **prisma galego**.

Como aposta especial e estrea do noso festival, este ano contaremos coa presenza dunha **trepulación moi animada** e especial, "**Os/as Apalpadoriños/as**", uns personaxes moi divertidos que acompañarán a Papá Noël e mais ao noso Apalpador Xigante, e que serán os encargados/as de poñer banda sonora ao vivo nas nosas veladas.

"Os/as Apalpadoriños/as" son unha proposta musical e escénica cunha **caracterización moi especial** e ofrecendo un **espectáculo itinerante** e de **escenario baseado nun repertorio moi animado** e salpicado de pezas de **interacción** cos máis pequenos, **coreografías moi animadas** e **elementos moi visuais**.

Cun elenco de grandísima calidade e unhas propostas escénicas e musicais pensadas especialmente para brincar, bailar, cantar e reir, "**Os/as Apalpadoriños/as**" prometen ser unha das atraccións do noso festival.



*Unha experiencia de Nadal para toda a familia*

# O bosque de nadal



## Espectáculos infantís con moito gancho!

Á hora de seleccionar unha carteleira de artistas invitados para poñer banda sonora e ilusión aos seráns do Festival "O Bosque de Nadal", creemos que tanto Papá Noel e os seus elfos, o Apalpador e os/as Apalpadoriños/as, así como todas as nenas e nenos que nos veñen a visitar merecen a mellor das propostas para desfrutar como ben se merecen.

Por eso optamos por unha batería de espectáculos do máis variado. Concertos, contacontos, teatro de sombras ou circo con espectáculos moi enérxicos, moi participativos, de grandísima calidade musical e actoral e con profesionais que desenvolven un importante traballo de difusión da lingua e a cultura.

Estamos a falar de propostas como o espectáculo RADIO BULE BULE de Paco Nogueiras, AS PARÁBOLAS DE PAKOLAS con Paco Cerdeira "Pakolas", o fermoso contacontos de sombras e títeres O SOÑO DO RATO de Olga de Abad (teatro de sombras) ou o sempre sorprendente PEQUENO CABARET INFANTIL de Nelson Quinteiro, como pratos fortes da programación, a levar a cabo en horario de 18:00 a 19:00 h





*Unha experiencia de Nadal para toda a familia*

# O bosque de nadal

## Programa



### 23 de Novembro

17:00 h DESFILE DE PAPÁ NÖEL E OS SEUS ELFOS, O APALPADOR XIGANTE E OS APALPADORIÑOS

17:15 h CHEGADA ao VIVEIRO. Posta en marcha das actividades de animación, dinamización, zona gastronómica, visitas a Papá Noël con animación de directo a cargo de OS APALPADORIÑOS/AS

18:00 h **PACO NOGUEIRAS: Radio Bule Bule**

19:00 h OS APALPADORIÑOS + Xogos dinamizados + Dillei Hamelín

19:45 h Desfile de despedida



### 30 de Novembro

17:00 h DESFILE DE PAPÁ NÖEL E OS SEUS ELFOS, O APALPADOR XIGANTE E OS APALPADORIÑOS

17:15 h CHEGADA ao VIVEIRO. Posta en marcha das actividades de animación, dinamización, zona gastronómica, visitas a Papá Noël con animación de directo a cargo de OS APALPADORIÑOS/AS

18:00 h **OLGA DE ABAD: O Soño do Rato**

19:00 h OS APALPADORIÑOS + Xogos dinamizados + Dillei Hamelín

19:45 h Desfile de despedida



### 14 de decembro

17:00 h DESFILE DE PAPÁ NÖEL E OS SEUS ELFOS, O APALPADOR XIGANTE E OS APALPADORIÑOS

17:15 h CHEGADA ao VIVEIRO. Posta en marcha das actividades de animación, dinamización, zona gastronómica, visitas a Papá Noël con animación de directo a cargo de OS APALPADORIÑOS/AS

18:00 h **PAKOLAS: As Parábolas de Pakolas**

19:00 h OS APALPADORIÑOS + Xogos dinamizados + Dillei Hamelín

19:45 h Desfile de despedida

## Merenda con nós!

Non perdas a oportunidade de probar o noso delicioso chocolate con churos e todas as cousas ricas que teñen preparadas os nosos amigos churreiros que visitarán "O Bosque de Nadal"!





*Uma experiencia de Nadal para toda a familia*

# O bosque de nadal



**Nelson Quinteiro**  
**PRODUCCIONES**

*Experiencias emocionantes en danza, música e teatro!*

Rúa Beiramar 62 Campelo (Poio) [www.nelsonquinteiro.com](http://www.nelsonquinteiro.com) (+34) 647 647 404